

USANDO A TÚA TARXETA

A nova TMG é unha tarxeta que só necesitas achegar ao lector que encontrarás no autobús, sen necesidade de introducila en ningún terminal.

A mellor maneira de usar a túa TMG é:



- Soster a tarxeta fronte á parte central do lector, suxeitándoa polo chip.

- No momento de achegala ao lector, sostena firmemente diante do centro para evitar erros de lectura. Un son dun pito indicará que a lectura é correcta.

Para manter a tarxeta sempre en perfecto estado, só tes que seguir estas sinxelas instrucións:

- Non a dobres nin a gardes nos petos traseiros do pantalón.
- Non a expoñas ao sol nin a temperaturas elevadas e procura evitar cambios bruscos de temperatura.
- Protéxela da humidade e de ambientes corrosivos, coma o salitre mariño.
- Evita achegala a campos electromagnéticos ou electrostáticos fortes (microondas, móbiles...).
- Non intentes limpala con produtos corrosivos.
- Utiliza a túa tarxeta TMG unicamente para o seu fin.

PLAN DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE GALICIA SISTEMA TARIFARIO ZONAL. COMO INTERPRETAR AS TÁBOAS

CANTOS SALTOS TEN A MIÑA VIAXE?

	L-Lug0	L-Lug1	L-Lug2	L-Lug3	L-TCh1
L-Lug0	0	1	1	1	1
L-Lug1	1	0	1	2	1
L-Lug2	1	1	0	1	2
L-Lug3	1	2	1	0	1
L-TCh1	1	1	2	1	0

Esta táboa permíteche comprobar o número de saltos que hai na viaxe que vas realizar. Podes ver as zonas de transporte no mapa.

CANTO CUSTA A VIAXE EN FUNCIÓN DOS SALTOS?

nº de saltos	Tarxeta TMG		
	Sinxelo XG	ata 40 viaxes	máis de 40 viaxes
Urbano Lugo	-	0,45 €	-
0	1,45 €	0,79 €	0,67 €
1	1,45 €	0,79 €	0,67 €
2	2,05 €	1,21 €	1,03 €

En función do número de saltos que teñas, na táboa podes ver o prezo da túa viaxe para os pagamentos en efectivo ou con tarxeta. (*) Viaxes no transporte urbano da cidade de Lugo.

CANTO TEMPO TEÑO PARA REALIZAR O TRANSBORDO DE XEITO BONIFICADO COA TMG?

Salto	Tempo permitido
0	60 minutos
1	60 minutos
2	75 minutos

ÁREA DE TRANSPORTE METROPOLITANO DE LUGO

